

## Obter e contrastar información

**Nome e apelidos:** Anxo Branco Alado

**Curso:** 5º EP

**Data:** 30/05/2024 **O tema sobre o que vou a opinar é:** *Visita á redacción do Faro de Vigo*

**Nesta folla podes ir recollendo información para o teu texto de opinión.**

O grupo recolleu distinta información recopilada neste documento dixital das entrevistas e opinións na escola

**Fíxate que tes tres recadros para diferentes fontes. Debes indicar a fonte da que sacaches a información. Cada argumento debe ter polo menos unha fonte.**

**EXEMPLO:** Saída escolar ao Faro de Vigo

**Información:** redacción do Faro de Vigo

**Fonte:** a Rede

**Fonte:** A nosa titora de 5ºEP

**Fonte:** Directora

É o diario decano da prensa española. Ten unha edición impresa e dixital nas comarcas de Vigo, Morrazo, Pontevedra, Deza-Tabeirós-Montes, Arousa e Ourense. Ao longo de máis de 150 anos de historia, converteuse nun elemento esencial da vida galega, con especial incidencia no centro e sur da Comunidade.

A nosa saída foi o mércores 1 de maio de 2024 á Chapelá, no concello de Redondela. Tivemos que ir nun autobús particular por estar fóra do Concello de Vigo pero na vila de Chapelá, xusto pegado ao límite de Vigo. Foi curioso ter que saír de Vigo para visitar un xornal que naceu en Vigo hai 150 anos. Iso recórdame un chiste sobre...

Tedes que coller un autobús que vai poñer o centro e por iso hai que pagara metade da viaxe. O centro pon a outra metade xa que non contamos coa axuda do concello de Vigo por estar esta saída fóra do concello. Despois de facer os cálculos, ao 50 % entre os 23 alumnos e alumnas de 5º EP. tocan a 2€ por persoa. Tedes que entregarlle os cartos á vosa titora un día antes do día da saída.

**Argumento:** *Como xurdiu esta saída escolar á redacción do Faro de Vigo?*

**Fonte:** a Rede

**Fonte:** alumna 1

**Fonte:** a nosa titora de 5ºEP

O traballo feito polo alumnado de 5º EP na participación da IX EDICIÓN DE FARO NA ESCOLA axudou a que puidera visitar a redacción do xornal en Chapelá. Todo comezou no mes de outubro do 2023, chegando ata xuño do 2024. O luns 6 de maio é a data límite para a entrega dos traballos.

Fixemos un traballo por escrito nun formato en papel do xornal para crear as nosas novas; tamén o fixemos en dixital. Esta é o enderezo do concurso: <https://www.farodevigo.es/faroeuca/faro-da-escola/> Este foi o vídeo promocionando o concurso. <https://youtu.be/ywOR-JNBQJI>

A participación no concurso ofreceu a posibilidade de visitar o xornal. Aí o alumnado podería ver parte dos coñecementos adquiridos e entender mellor este proxecto. A visita deberá solicitarse coa maior anticipación para organizar a axenda por medio do correo electrónico..

**Argumento:** *Opinións sobre a visita á redacción e rotativa do xornal***Fonte:** alumno 1**Fonte:** alumna 2**Fonte:** alumna 3

Eu non entendo como poden facer que cheguen os xornais a todos os sitios de Galicia e incluso Madrid todos os días. Non sei como o fan xa que hai que elaborar as novas na redacción e logo en papel na rotativa traballando de noite. Despois, cedo de mañá, xa temos o xornal incluso na nosa escola. Entendín algo á xornalista guía que o explicaba.

A min non me gustou porque foi aburrido, foi unha viaxe curta e non me gustou o traballo de xornalista. Pero gustoume moito a velocidade á que ían as máquinas na rotativa.

Para min foi moi interesante ver como se fai un xornal dende unha recollida dunha nova na rúa ás 11:00 da mañá ata que se pecha a redacción ás 23:00 da noite. O xornalista ten que facer un traballo con conta atrás para sacar as novas canto antes. Tamén hai que redactar de xeito moi rápido e con poucos erros. Algo disto xa o vimos na clase.

**Argumento:** *Cres que é unha saída importante para repetir con outros cursos?***Fonte:** director/a**Fonte:** titora de 5ºEP**Fonte:** nai 1

Eu penso que é unha moi boa experiencia e a participación no concurso motiva o noso alumnado. Por outro lado penso que é unha actividade ideal para o alumnado de 5ºEP ou 6ºEP que deben manexar e perfeccionar a redacción por escrito. De todos os xeitos creo que iso teñen que decidilo os titores dos cursos para ver a súa importancia.

Considero que esta saída é fundamental xa que despois de traballar no concurso do Faro de Vigo é importante coñecer realmente o traballo dos xornalistas e todo o que se necesita para poñer un xornal na rúa. Eu quero repetila con outro alumnado porque axuda a escribir en galego ou castelán e axuda a entender a importancia da liberdade de opinión.

É moi importante que os nosos fillos e fillas entendan certos traballos da vida real e o que custa conseguir certas cousas na vida. Non só é gañar cartos por traballar, se non tamén traballar nun sitio que che guste e no que teñas moita ilusión. A vida non é fácil para case ninguén e estas saídas, como o do Faro de Vigo, fannos poñer os pés na terra.

**Argumento** *É verdade que a liberdade de prensa e opinión é fundamental?***Fonte:** titora de 5ºEP**Fonte:** xefe de estudos**Fonte:** pai 1

A nosa democracia está baseada nese principio de liberdade de opinión recollido na nosa constitución. Ademais, a información escrita é educación tamén para todo o mundo e iso explica o chiste do Faro. Un home de aldea que non sabía ler ben chegou a Vigo e viu o nome do xornal con letras grandes maiúsculas lendo: FORA DE VIGO. E marchou á aldea.

A nosa escola é como o noso país ou comunidade autónoma con leis e obrigacións. Pero sobre todo temos a necesidade de dar opinión e recibila de xeito adecuado, con educación, argumentos e incluso cambiar de opinión baseándose nalgunha acción ou argumento.

Eu creo que o dereito á educación é un principio fundamental para que todo o mundo poida opinar libremente. Por iso é obrigatorio para todos os pais e nais que os nosos fillos e fillas asistan a clase nas mesmas condicións.